

Edita: Club Montañeiros Celtas.
 Dirección: Marisa Núñez Suárez
 Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto
 Traducción: Marisa Núñez e Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Enrique González Cameselle
 Colaboran neste número: Marisa Núñez, Xulio Troitiño, Cristina Alonso, Conchi Barciela, Candido Rial e as secciones deportivas do club..

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora Concello de Vigo - Área de Participación Cidadá



CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

Nº 88

OUTUBRO 2007

Editado 25/10/07

VI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE MONTAÑA DEDICATORIA A CHITO VEIGA

Este ano o VI Concurso de Fotografía de Montaña de Montañeiros Celtas nesta 2ª época está dedicado á figura dun gran montañeiro: Constancio Veiga- Chito para todos nós. Resulta non obstante, moi difícil falar de Chito Veiga sen mencionar tamén ao seu irmán Antonio, polo seu camiñar xuntos e pola súa dedicación ao montañismo.

Chito Veiga comezou a practicar o montañismo no ano 1945 e deuse de alta en Montañeiros Celtas no ano 1947 xunto co seu irmán Antonio e son, nestes intres, os socios máis antigos do Club. Dende moi pronto desempeña cargos directivos no Club..Tamén a Federación Galega de Montañismo (FGM) se beneficiou da súa experiencia en montaña e das súas dotes organizativas. Formou parte do profesorado da Escola Española de Alta Montaña dende o ano 1962 e na actualidade é membro de Honra da Escola Galega de Alta Montaña. Exerceu un importante labor de difusión do montañismo infantil-xuvenil coordinando durante 30 anos a actividade Infantil "Operación Benxamín" de Club Montañeiros Celtas.

Recorreu os macizos españois e do veciño Portugal na súa práctica totalidade:

-En Europa ascendeu a Mont-Blanc (agosto 1958), Cervino e Monte Rosa, entre outros.

-En África recorre o Atlas Rifeño, o Gran Atlas, ascende ao Kibo e Mawenzi no Kilimajaro e á punta Lenana e Espolón Mackinder, no macizo do Kenya.

-En Asia recorre a cordilleira do Tauro e as Montañas do Líbano e Irán. Forma parte da primeira

expedición galega ao Himalaia (zonas do Annapurna e Everest)

-En América dirixe as expedicións de Montañeiros Celtas ao Coropura nos Andes Peruanos e a Groenlandia

-En Oceanía recorre o Macizo de Tongariro (Nova Zelandia).

Tamén descendeu ás profundidades e formou parte, co seu irmán Antonio, do grupo que no ano 1954 explorou a Cova do Rei Cintolo (Mondoñedo-Lugo), encargándose da realización do plano topográfico da cova.

Recibiu premios de diferentes organismos, a FGM outorgoulle a medalla de Bronce en 1958, a Medalla de Prata en 1964. A Delegación Nacional de Deportes entrégalle a medalla ao mérito deportivo no ano 1966, periodistas deportivos o premio Antorcha de Prata ao Mérito deportivo en 1957, Trofeo Mellor deportista en Montaña nos anos 1966, 1972, e 1976, e Trofeo Mellor deportista absoluto da provincia no ano 1976.

Toda esta longa relación de actividades e premios, indican que nos encontramos diante dun excelente montañeiro e un gran deportista, pero ademais Chito é persoa de gran carácter, serio e afable a un tempo, de agradable e fácil palabra, dado á relación e longa conversa, amigo de todos, pero sobre todo amigo dos seus amigos. **M.N.**



VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
NOVEMBRO	1, 2, 3 e 4	Asturias	Quirós- C.M.Celtas/C.P. Trevinca	S.D. Montañismo
	10-11	Aloia	Magosto social	S. Act. Sociales
	11	Illas Cíes	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	17		Proba Galega de Escalada de Dificultade	FGM- S.M. Ártabros
	18	Ourense	Marcha de Outono: Avión-Pena Corneira	S.D. Montañismo
	24-25	Quiroga	Marcha de Outono	S.D. Infantil
	25	Lalín-Besteiro	IX Etapa Camiño da Prata	S.D. Senderismo
	30	Local Social	III Campeonato Social de Escalada Muro	S.D. Escalada
DECEMBRO	2	Vigo	Sendeiro panorámico de Vigo	S.D. Bici
	6, 7, 8 e 9	Palencia	Palentinas	S.D. Montañismo
	6, 7, 8 e 9	Candieiros-Portugal	VII Campamento Galego Extraterritorial de Espeleoloxía	FGE- S.D. Espeleoloxía
	16	Illas Estelas	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	16	Besteiro-Santiago	X Etapa Camiño da Prata	S.D. Senderismo
	19	Local Social	Despedida fin de ano	S.D. Infantil
	20		Entrega premios e homenaxe Concurso Fotos	S. Act. Sociales
	21	Local Social	Festa de Nadal	S. Act. Sociales

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres

Neste número:

Dedicatoria VI Concurso	1
Axenda	2
Info Xeral Club	2
Actividades Sociais	2
Bici de Montaña	3
Senderismo	3
Montañismo	5
Infantil/ Juvenil	6
Actividades Subacuáticas	7
EspeleoSección	7
Vindeiras Actividades	8

AXENDA

Venres, 9 novembro Proxección de fotografías do Trekking polo Val de Ladhac (Chachemira). Por José Luis. No Club ás 20.30 horas

Do 15 de decembro ao 7 de xaneiro

VI concurso de Fotografía de Montaña, exposición na “Casa del Libro”.

Xoves 20 de decembro

VI concurso de Fotografía de Montaña, entrega de premios e homenaxe a “Chito” Veiga.

INFO XERAL DO CLUB

INFORMACIÓN DE INTERESE: TÍTULOS DE DÉBEDA

O pasado ano 2006 cumpríronse cinco anos dende que no ano 2001 se emitiran Títulos de Débeda para axuda á compra do local social, que como sabedes se devolvía de xeito fraccionado (20% anual durante 5 anos).

Agora, neste 2007 comezamos un novo ciclo. Como xa se vos informou a devolución se prorrogará tantos anos como cotas vos resten por cobrar, se non facedes expresa renuncia ao seu cobramento.

Poderedes retirar os cheques nominativos nas oficinas dende o día 13 de novembro ata o 13 de decembro.

No caso de que queirades renunciar ao reintegro da cota correspondente deberedes comunicalo ao Club por escrito. Na oficina atoparedes un impreso a tales efectos.

ACTIVIDADES SOCIAIS

ACTIVIDADE CONXUNTA M.CELTAS - A ZARROTA MAGOSTO E COGUMELOS 10-11 NOVEMBRO

Este ano a actividade conxunta coa Zarrota farémola o próximo día 10-11 de novembro, e nela faremos que castañas e cogomelos se dean a man por uns intres.

Como todos os anos, o MAGOSTO reunirá a un bo grupo de socios en torno ao lume no noso refuxio do Aloia o sábado pola noite, e aproveitaremos a mañá do domingo para recibir unhas leccións




Festa de Nadal

Outro ano máis! Que si, que o Nadal está aí á volta da esquina, e como cada ano o club organiza a festa de despedida fin de ano.

O evento terá lugar no local social o vindeiro día 19 de decembro e prométese moita diversión e fartura.

Animádevos a participar co club para que a festa deste ano sexa inesquecible!



didácticas sobre cogomelos, as súas clases, características, terminando cunha degustación na comida dese día. Os mestres neste caso serán os nosos amigos de A Zarrota, que compartirán con nós esta fin de semana.

Tamén se aproveitará esta actividade para recoller unhas landras que se han de plantar en macetas outro día no local social.

Xa sabedes, tedes que vos anotar no Club, como de costume.

ANIMÁDEVOS



ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

VINDEIRAS ACTIVIDADES

Curso de mergullador una estrela

Datas por concretar

Con este curso poderaste mergullar con equipo autónomo de aire comprimido ata una profundidade de 25m.

Os prezos dos cursos estarán subvencionados, non excedendo os 190€ para os socios.

Inmersión submarina na Ría de Vigo

Fecha: 28 de Outubro

Inmersión apta para todo tipo de nivel de mergullo.

Inmersión dobre nas Illas Cíes

Data: 18 de Novembro

Como noutras ocasións, faremos dúas inmersións sucesivas nas Illas Cíes. As inmersións serán aptas para todo tipo de nivel de mergullo. Esta actividade estará subvencionada pola Sección.

Inmersión submarina nas Illas Estelas

Data: 9 de Decembro

Inmersión no Pecio IVI. Apta para todo tipo de nivel de mergullo.

Inmersión nocturna

A finais de ano, e para intentar impulsar esta disciplina, organizaremos una inmersión nocturna tamén nas Illas Cíes. É imprescindible ter o título de mergullador avanzado ou a especialidade de mergullo nocturno da FEGAS



Un participante do último curso de mergullo na piscina de Valença

ESPELEOSECCIÓN

Vindeiras actividades

Achégase a última etapa do ano e andamos apurando as actividades para que non queden no caixón.

A máis chamativa por ser alén da nosa terra será o VIII Campamento Galego Extraterritorial da FGE que organizamos no Club, será en Portugal no macizo calcario da Serra de Candieiros-Mira do Aire, do 6 ao 9 de decembro. Lembrede que necesitades habilitar a licenza para realizar actividade en Portugal. Tamén nos queda o Campamento social que cambiamos de data porque nos puxeron a Asemblea da Federación para ese sábado.

Acordádevos que os xoves no Club falamos, do que queiramos, e tamén do que imos facer a fin de semana.



Actividade infantil: Coñece as Covas

MONTAÑISMO

Palentinas - 6, 7, 8 e 9 de decembro

Saída: 5 de decembro as 23,30 h.
Regreso: 9 de decembro as 14,00 h.
Aloxamento: albergue xuvenil "Arbejal" en Arbejal (Palencia)

Travesía con bivaque Val de Pineda - Pozo do Curavacas con ascensión á Curruquilla (2434 m)

O val de Pineda é un dos vales máis recónditos da nosa xeografía e ten unhas vistas cara á Paredo Norte do Curavacas excepcionais. É tamén onde nace o río Carrión e rodeano algúns dos máis altos cumios da Cordilleira Cantábrica.

1º Día. - Sáese da vila de Vidreiros (1300 m) e séguese o curso do río Carrión a través do Val de Pineda ata o Pozo do Curavacas (1700 m) onde se pasará a noite.

2º Día-. Ascéndese a Pasada do Vés e o Pico da Curruquilla (2434 m) e descéndese por Valdenievas ata Vidreiros.

3º Día-Curavacas

4º Día-Sendeiro corto recorrido



Curavacas

INFANTIL - XUVENIL

50 ANOS DE OPERACIÓN BENXAMÍN

Este ano celebramos que hai 40 anos un grupo entusiasta de socios do club puxeron en marcha a Operación Benxamín, que serviu para que nenos e nenas de Vigo e bisbarra coñeceran unha forma diferente de pasar o tempo de lecer.

Para celebrar este aniversario queremos facer unha xuntanza de monitores e participantes onde poidamos recordar "vellas batallinas" de todos estes anos, farémolo o 30 de novembro a partir das 20.30 h. no local do club.

Así que se participaches nalgunha edición (tanto como colaborador como cursillista) esperámoste, pensa en canto tempo hai que non ves a xente que formou parte da túa vida.

VÉMONOS O DÍA 30 DE NOVEMBRO NO CLUB.



Unha nena participante da operación benxamín

Vindeiras actividades

¡Ven ao Campamento de Outono, o 24 e 25 de novembro en Quiroga!

Acamparemos na ermida, se chovera procuraríamos sitio no Albergue.

Imos facer, baixo a dirección de Moncho o noso amigo de Quiroga- unha carreira de orientación, tamén unha pequena camiñada polo entorno de Quiroga e, como estamos en época de castañas, pode que ata haxa magosto, con castañas asadas ou crúas, nunca se sabe. Veña, animate que é o último campamento do ano. ¡Esperámosteeeee!

Aloxamento: Acampada na zona de recreo de Hermida

Imprescindible: Autorización do pai/nai

Alimentación: A organización encargárase da cea do

sábado e do almuerzo do domingo, polo que debes levar a comida do domingo. Mellor bocadillos, empanadillas, etc. Non esquezades levar algo para picar durante as marchas: chocolate, queixo, galletas, froitos secos, froita que aguante (mazás, mandarinas, ...)

Prezo: Socios 30 €, Non socios 38 €. Inclúe bus, aloxamento, cea e almuerzo

Saída do club: Sábado ás 9:30

Chegada: Domingo ás 20:30

Antes do Campamento de Outono haberá unha marcha, a data aínda está por definir, seguramente o 28 de Outubro. A onde se vai é unha sorpresa, ¡terás que informarte no club!. Non perdas esta ocasión de participar. ¡Participaaaaa!

BICI DE MONTAÑA


VINDEIRA SAÍDAS DE BTT

Bici de montaña polo sendeiro panorámico de Vigo (2 de decembro)

Esta vai ser unha saída con vistas! Unha, porque imos subir ata os montes de Coruxo, onde poderemos gozar dunhas fermosas vistas sobre a Ría de Vigo; e outra, porque se vai ir por un trazado apto para toda esa xente que está desexando apuntarse a unha saída de bicicleta de montaña e ten medo de que se lle faga dura.

Así que sairemos da praia do Bao o domingo 2 de decembro pola mañá, para subir ata os montes de Coruxo para pedalear por un percorrido moi bonito e de pouca dificultade. A saída será só de mañá.

Xulio Troitiño



SENDEIRISMO

SENDEIRO ENTRE RÍAS

10 de xuño 2007

O PODER DUNHA CAMISETA

Os ingleses son moi dados a facer sendeiros sen pactar. Unha persoa leva un sendeiro pero non coñece aos que van aparecer. A el/ela recoñecerano/a por un distintivo, unha pamelas descomunal, unhas gafas que lle ocupa toda a faciana, unha bota amarela e outra azul e cousas así.... E así presenteime na estación do tren; por suposto coa camiseta do Club. Xa non fixeron falta máis distintivos. A xente xa

vén cara a ti.

Saída moi coñecida no Club que Miguel Carrillo pai, descubriunos [Nota do maquetador: en realidade fomos Lourdes Domingo e eu quen primeiro levamos este sendeiro para o club]. Pero sempre é diferente. A nosa sorpresa foi maiúscula cando chegamos á ponte medieval do río Ullo e descubrimos que unha riada había levado a ponte. So quedaban dúas grandes moreas de milenarias pedras. Para reconstruír isto non hai cartos.

O resto do sendeiro foi un paseo agradable de palique cos novos montañeiros e cos de sempre.

Conchi Barciela

COLABORACIÓN CO CONCELLO DE BAIONA

Un ano máis preparamos catro saídas para o Concello de Baiona durante os meses de xullo e agosto: dúas aos petróglifos dos Eidos e outras dúas á batería e faro de Cabo Silleiro, duns 15 km. cada unha.

A participación foi alta, chegando a xuntarnos na última máis de cincuenta persoas.

Próguenos especialmente que participantes doutros anos repetisen e incluso preguntasen por Miguel Carrillo e a súa dona Mari, quen viñan conducindo estes sendeiros en anos anteriores. Este verán foron substituídos por Penélope e Cándido, a quen agradecemos a súa dedicación, así como aos reforzos espontáneos que acudiron os domingos de máis afluencia.

Cristina Alonso



Camiño de Santiago-vía da prata

Neste trimestre pretendemos rematar este itinerario histórico en tres etapas duns trinta quilómetros cada unha, dende Cea -onde deixáramos o camiño o día 1 de xullo- ata Santiago. Pasaremos por lugares de interese como o mosteiro de Oseira ou a colexiata de Santa María do Sar e admiraremos como sempre fermosísimos cruceiros e paisaxes inesquecibles.

Animádevos e idevos poñendo en forma os que tomastes largas vacacións en verán.



SENDEIRO PR-G1 GALIÑEIRO Andaina Popular

De novo a participación nesta andaina o pasado 7 de outubro podemos clasificala de todo un éxito. Un total de 173 participantes (dos que uns 55 foron nenos) camiñaron este sendeiro circular que nos levou, primeiro ao cumio do Galiñeiro, logo ao encoiro de Zamáns, despois aos muíños de Maquías, para terminar alí onde empezamos, na pista que sube ao “Gali”, onde puidemos ver xa os paneis informativos que colocamos para conmemorar esta ocasión. Pais e nenos comezaron a camiñar ata o noso refuxio onde todos recibiron un agasallo e a bolsa de avituallamento



correspondente. (Temos que darlles as grazas a todas as casas comerciais que desinteresadamente colaboraron connosco neste evento) Un grupiño de 20 nenos, decidiron, non obstante, “desprendérense” dos seus pais ao chegar ao parque forestal para ir todos xuntos facendo o sendeiro. Xuntos descubrimos petroglifos, xuntos fixemos cumio e, por suposto, todos cubrimos a tarxeta de cumio correspondente, e xuntos fomos andando o camiño e estreando as novas marcas que se puxeron ao efecto. Esperamos para o ano inaugurar o PR-G9 “ALBA”, pero este proxecto aínda está por desenvolver.

M.N.



Patrocinadores:



Panadería
Artesana



Club Montañeiros Celtas

MARCHA GALEGA DE VIVAC 17-18 de xuño 2007

Chegada a Fisterra a iso das dez, logo dunhas cantas horas de coche, baixo un ceo que non resultaba nada prometedor. Un café, e o tempo necesario para preparar a equipaxe e botar abaixo as protestas daqueles que devecían xa por un fogar quente e seco, e partimos todos en bus cara a Muxía, inicio da nosa ruta polas Rías Altas. En Muxía, o tempo decide ser clemente, e obséquianos cunha tregua que nos permitirá un primeiro xantar con vistas sobre a ría e abandonar Muxía aínda enxoiros, en procesión manseliña, por entre casas e veigas. O camiño transcorre sen novidade, aparte dalgúns pés mollados, entre praias, cantís e pequenas aldeas, sempre coa incerteza dun ceo que non acaba de decidirse a chover, pero tampouco a renunciar á súa ameaza. Contra as catro da tarde, mentres gozabamos das fermosísimas vistas ao mar dende o alto dun cantil, o ceo deunos un primeiro aviso do que axiña se convertería nunha tromba de auga que, desafiando a paraugas e impermeables, asolará en boa medida o noso sentido do humor. Axiña nos atopamos co servizo de rescate do club Ártabros que, a falta de café quente, nos obsequiou cun refresco de mazá para repoñer os ánimos, antes de partir cara á

derradeira etapa do día, que nos levaría ate un piñeiral onde montamos as tendas e repuxemos forzas, ao abeiro do vento e da chuvía que nos acompañarían insistentes durante toda a noite. A mañá do segundo día, por contra, presentouse máis xenerosa, cun sol tépedo que nos saudou e nos animou a emprender o camiño, que resultaría, mesmo, aínda máis fermoso que o do día anterior. A nosa rota percorreu, outra vez, montes e praias case desertos, reservados en exclusiva aos nosos pés cansados, que deixaron a súa pegada na area virxe, onde campan aínda, ás súas anchas, as últimas “galletas” de chapapote, testemuñas da catástrofe do Prestige que se ensañou de xeito especialmente cruel nas praias que percorremos. O xantar foi especialmente longo, en plena praia, baixo un sol que evaporaba todo malestar pola molladura do día anterior, e que nos animou a seguir o noso camiño, por entre toxos e piñeiros, e a gozar das peculiaridades da arquitectura local e das incomparables vistas. Chegamos de volta a Fisterra contra as cinco da tarde, acusando xa nalgúns casos un certo cansazo, que algúns recuperaremos cunha cervexa ben fría á carón do porto, e logo cunha frugal comida de despedida na que, sobre de todo, gozamos duns últimos minutos da compañía dos compañeiros de Ártabros e da súa xenerosidade.

Cándido Rial

Val de Quirós-Parque Natural de las Ubiñas la Mesa (Asturias)

1,2,3,e 4 de novembro

Actividade conxunta co club Peña Trevinca

Saída: 07.00 h. 1 de novembro
Regreso: 15.00 h. 4 de novembro
Aloxamento: albergue rural de Arrojo- Bárzana (Asturias)

- Especial escaladores: Aciera, unha das mellores escolas de escalada de España.
- Posibilidade de facer a “senda del oso”, así como moitos outros sendeiros dende Bárzana.

Este parque natural comprende os concellos de Quirós, Lena e Teverga

Programa previsto

Xoves 1
Montaña e sendeiro: Pto. Ventana. Ascenso ao pico Ferreirúa (1983). No bus baixaremos polo desfiladeiro de Teverga ata Arrojo.
Venres 2
Travesía: Lindes- Peña rueda (2152) Pachón (2097) Ranchón (2155) Pto. Ventana Trobaniellu Barriscal Bárzana.
Montaña e sendeiro: lindes Peña Rueda Lindes.
Sábado 2
Montaña e sendeiro: Arrojo Pico Mayor (el Gorrión) (1234)
Domingo 4
Montaña e sendeiro: Berniego la Gamonal de l' Angliru (paisaxe protexida) e regreso.

